

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 2

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 22 de FEBREIRO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores** . (Acta ordinaria 27 de decembro 2016)

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público correspondente ao 4º trimestre do ano 2016. Expte. 17760/541 (Rexistro Pleno 1501/1101)
- 3.-** Dar conta do decreto da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo 2016. Expte. 42/143 (1507/1101)

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

- 4.-** Ratificación da Resolución da Alcaldía, de data 1.02.2017, na que se acorda o personamento do Concello de Vigo ante o xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, no Procedemento Ordinario 000025/2017. Rexistro Pleno 1502/1101.

Mocións:

- 5.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia a que responda da mofa do Vicepresidente ao Real Club Celta de Vigo. Rexistro Pleno 1511/1101.
- 6.-** Moción do Grupo municipal Socialista esixindo ao Ministerio de Facenda cambie o criterio mantido na Resolución do 25.01.2017 en contra do criterio xusto e legal mantido ata ese momento para o mellor exercicio do dereito fundamental dos cidadáns á tutela xudicial efectiva e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1512/1101.

7.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao goberno da Xunta a consignar nos Orzamentos de 2017, o incremento en diversas partidas presupostarias. Rexistro Pleno 1513/1101.

8.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación un estudo global da zonificación e adscrición en Vigo, tendo en conta a evolución demográfica e a proximidade aos centros, respectando a calidade do ensino público. Rexistro Pleno 1515/1101.

PARTE DE CONTROL

9.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

10.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións.

11.- Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando á Corporación municipal a amosar o rexeitamento ás políticas de austeridade derivadas das esixencias da Unión Europea e do establecido na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupostaria e substentabilidade financeira. Rexistro Pleno 1436/1101.

12.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello a impulsar un punto de atención continuada no que prestar servizos imprescindibles aos máis necesitados desta cidade e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1514/1101.

13.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno a concretar se vai utilizar o instrumento de ordenación provisional, en que ámbitos, prazos e que garantías vai dar para cumprir os prazos de elaboración dun novo PXOM. Rexistro Pleno 1516/1101.

14.- Formulación de rogos.

15.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó

Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTEDOUS, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura dixital
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.